

**RESOLUCIÓN do 9 de xullo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras dos premios ao desenvolvemento rural de Galicia e se convoca a décimo sexta edición. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. DOG 142 (28/07/2025)**

**Obxectivo**

O obxectivo desta orde é convocar para o ano 2025, en réxime de concorrencia competitiva, a décimo sexta edición dos premios ao desenvolvemento rural de Galicia.

O código do procedemento administrativo na sede electrónica da Xunta de Galicia é o MR709A.

O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

**Categorías dos premios**

a) **Categoría mocidade**, para as iniciativas levadas a cabo por persoas mozas ou dirixidas a elas, segundo os seus estatutos ou normas reguladoras, e que constitúan unha aposta polo presente e o futuro do medio rural galego e da súa poboación. Para estes efectos, terá a consideración de persoa moza quen non teña máis de corenta anos na data en que finalice o prazo para presentar a iniciativa ou, no caso de persoas xurídicas, cando polo menos o 50 % dos seus membros cumpran este requisito.

b) **Categoría proxectos de interese social**, para as iniciativas orientadas á integración dos colectivos máis desfavorecidos no seu territorio, á inserción laboral e social, ou ao coidado das persoas maiores e/ou dependentes.

c) **Categoría sector agro-gandeiro**, para as iniciativas desenvolvidas dentro dos sectores de gandería, agricultura e/ou transformación agroalimentaria que aposten por impulsar o valor engadido da produción, a creación de produtos, diversificación, diferenciación ou creación de canais comerciais alternativos, así como a colaboración entre axentes da cadea alimentaria.

d) **Categoría mulleres**, para as iniciativas levadas a cabo por mulleres ou destinadas a elas no medio rural, desde unha óptica de igualdade e progreso, en que sexan fundamentais valores como o asociacionismo, a profesionalización, a capacidade emprendedora, a innovación e a creación de redes de colaboración.

e) **Categoría innovación tecnolóxica**, para as iniciativas desenvolvidas no rural galego que incorporen innovacións tecnolóxicas (no proceso produtivo, en procesos industriais, manexo e xestión interna e externa, comercialización, relación cos clientes, etc.), para obter novos produtos ou mellorar a calidade nos seus produtos ou servizos, para diminuír custos, para ofrecer unha maior gama de produtos ou servizos, ou para ser máis rápida a súa introdución no mercado.

f) **Categoría recuperación e posta en valor da terra agraria**, para as iniciativas que contribúan, directa ou indirectamente, a recuperar e poñer en valor terras que estaban infrautilizadas.

**Persoas destinatarias**

Poderán presentar iniciativas aos premios ao desenvolvemento rural de Galicia as persoas físicas ou xurídicas de natureza privada que sexan titulares das iniciativas que presenten.

## Iniciativas que poden ser premiadas

Os premios ao desenvolvemento rural de Galicia están dirixidos ás iniciativas que contribúan de maneira singular a promocionar o medio rural e a xerar unha sociedade rural máis dinámica e cohesionada. Deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Que se localicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que estean executadas con carácter previo á data de publicación da convocatoria e non en fase de deseño ou execución.

Quedan excluídas as iniciativas que obtivesen premio nalguna edición anterior, que se desenvolvan nos sectores da pesca e acuicultura, que estén relacionadas coa exportación ou que sexan presentados por entidades colaboradoras da Agader.

## Contía das axudas

En cada categoría concederáse un **primeiro premio** cunha dotación de **10.000 €** e un **segundo premio** cunha dotación de **3.000 €**.

Cada iniciativa poderá presentarse só a unha categoría, para o que debe marcar no modelo normalizado de solicitude (anexo I) a casa correspondente á categoría a que opta.

## Criterios de valoración

Nº de criterio	Criterio	Descrición	Puntuación máxima
1	Contribución da iniciativa ao desenvolvemento socio-económico do territorio	<ul style="list-style-type: none"> <li>Valorarase a contribución á xeración de oportunidades de emprego e emprendemento para o territorio a nivel colectivo (provedores, redes comerciais, axentes do sector agrario, etc.).</li> <li>Valorarase a contribución á dinamización da economía local, sendo tractor doutros procesos de cambio a nivel económico e social.</li> <li>Terase en conta a implicación e colaboración con outros proxectos e con entidades do territorio.</li> </ul>	10 puntos
2	Contribución da iniciativa á creación de emprego	Valorarase o número total de persoas traballadoras, así como o compromiso coa conciliación e a flexibilidade laboral.	15 puntos
3	Sustentabilidade da iniciativa desde o punto de vista ambiental	Valoraranse os esforzos da iniciativa pola mellora ambiental do territorio onde se desenvolve (apoio a proxectos de conservación, de mellora da biodiversidade, ou colaboración con entidades ambientais), así como por minorar a súa pegada ecolóxica, reducindo consumos de enerxía, auga, combustibles, etc., e apostando polas enerxías verdes.	10 puntos
4	Contribución da iniciativa á incorporación e inserción laboral da muller	Valorarase o número de empregos creados para mulleres, así como a presenza de mulleres nos órganos de dirección da empresa/entidade, ou o seu poder para a toma de decisións.	15 puntos
5	Consolidación e apoio social da iniciativa	Valorarase o crecemento da iniciativa nos últimos dez anos, así como a súa presenza no territorio de actuación e a conexión con outros sectores ou axentes estratéxicos locais. Valoraranse as cartas de apoio á iniciativa presentadas, así como a representatividade das entidades promotoras, e as redes de colaboración e conexións da iniciativa con outros axentes, programas e sectores socio-económicos, tanto locais como de fóra do territorio.	10 puntos
6	Innovación, orixinalidade e excelencia da iniciativa	Valoraranse entre outros aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>Oferta de novos produtos ou novas formas de valorización de recursos endóxenos no territorio e no conxunto de Galicia.</li> <li>Prestación de novos servizos.</li> <li>Utilización de novas tecnoloxías que permitan aumentar a competitividade da empresa (reducir custos, aumentar o valor engadido, mellorar a calidade das producións, e da comercialización, reducir o impacto ambiental, etc.)</li> </ul>	20 puntos

Nº de criterio	Criterio	Descrición	Puntuación máxima
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diversificación das producións e/o os mercados e a súa conexión co resto de recursos locais.</li> <li>• Novos métodos de traballo ou enfoque organizativo.</li> <li>• Transferencia da innovación.</li> </ul>	
7	Contribución da iniciativa á inserción de colectivos ou persoas desfavorecidas	Valorarase o número de persoas atendidas ou que participan en actividades, en relación coas necesidades e dificultades do territorio. Valorarase tamén a creación de emprego directa e indirecta por parte da iniciativa, nestes colectivos.	10 puntos
8	Desenvolvemento da iniciativa nun concello en risco de despoboamento	Valorarase que a iniciativa se realice nun concello cun baixo índice de poboamento.	5 puntos
9	Contribución da iniciativa á candidatura á cal se presenta	Valorarase a importancia que teña a iniciativa para acadar os obxectivos fixados no artigo 1 para cada categoría, así como o grao de implicación da persoa ou entidade que presente a candidatura.	5 puntos

## Presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes de axuda será dende o **29 de Xullo ao 28 de agosto de 2025**.

## Réxime de *minimis*

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de *minimis*.